



culturagalega.org

Consello da Cultura Galega. www.consellodacultura.org
Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela. Galicia
Contacto: Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / e-mail: redaccion@culturagalega.org

Dossier de presentación de "DE PROFUNDIS" dirixida por Miguelanxo Prado





Sinopse

“Había unha vez unha casa no medio do Mar.

A casa tiña unha torre que ollaba o solpor, unha escada que penetraba nas augas, e unha árbore, no nacente, que florecía entre marzo e abril. Diante da escada, moitos solpores, unha muller tocaba un violoncello melancólico.

Aquela muller amaba un pintor que quería ser mariñeiro, e que soñaba un barco co que algún día navegaría o Pai Océano todo.”

Unha casa no medio do mar está ategada de obxectos relacionados co mar e a navegación, e planos e deseños dun barco soñado por un pintor. A muller que a el o ama toca o violoncello na terraza fronte ao mar. A música convoca un fato de grandes cetáceos que se aproximan á casa. No entanto, o pintor vai de mariñeiro nun pesqueiro. Cando se desencadea unha treboada e unha onda xigantesca afunde a embarcación, a muller, na soidade da casa, intúe e presaxia a traxedia...



Nota do Produtor

É complicado e ao mesmo tempo simple explicar que é “De Profundis”.

Simple, pois trátase, puramente, dunha obra audiovisual. Complexo, porque non podemos dicir con rigor que sexa unha longametraxe de deseños animados, unha videocreación ou unha obra de imaxe sintética, tal e como estamos afeitos a identificar este tipo de obras.

Ante todo, De Profundis é un traballo de creación, unha proposta de pesquisa artística para pór en relación a pintura, a música e as novas tecnoloxías da imaxe. Poderíamos acaso falar dun poema visual e sinfónico, poderíamos falar de pintura animada ou, mellor, secuenciada.

A nivel de contidos, De Profundis é unha homenaxe ao mar, ao Océano. Partindo dunha estrutura de conto tradicional, desenvolve unha historia máxica, marabillosa, de amor e de fascinación.

A parte musical da obra, non se trata dunha “banda sonora”, nin de música incidental, subordinada ás imaxes. A música en De Profundis ten entidade plena, sinfónica, traballando en simbiose coas imaxes.

Trátase, pois, dun traballo de creación artística do músico e compositor Nani García, e do artista pintor e guionista Miguelanxo Prado. Un traballo “de autores” feito desde Galicia, pero cunha linguaxe universal.

Continental Producciones



culturagalega.org

Dossier de presentación de "De Profundis"
dirixida por Miguelanxo Prado

Ficha do Proxecto

Título:	De Profundis
Produtoras:	Continental Producciones S.L. Desembarco Produccións, S.L.
Director:	Miguelanxo Prado
Guión:	Miguelanxo Prado
Compositor:	Nani García
Produtora executiva:	Chelo Loureiro
Banda Sonora:	Orquestra Sinfónica de Galicia
Duración aproximada:	80 minutos
Formato:	35 mm Cor / Dolby Digital
Distribución Internacional:	Latido Films
Distribuidor Homevideo:	Cameo
Estrea prevista:	Outono 2006